



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

Referencia: FO028B / 2024

Expediente: 2023000035262

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO ÁS ENTIDADES ASOCIATIVAS AGRARIAS, LABREGAS, GANDEIRAS, FORESTAIS E ASOCIACIÓNS DE CAZADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS DURANTE O ANO 2024

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que mediante Resolución de Presidencia de data 25 de outubro de 2023 foron aprobadas ás Bases reguladoras da Convocatoria do programa de subvencións dirixido ás entidades asociativas agrarias, labregas, gandeiras, forestais e asociacións de cazadores da provincia da Coruña para a realización de investimentos durante o ano 2024

Visto tamén que ás citadas Bases reguladoras foron publicadas no BOP número 205 de data 26 de outubro de 2023.

RESOLVO:

1º. Aprobar a convocatoria do programa de subvencións dirixido ás entidades asociativas agrarias, labregas, gandeiras, forestais e asociacións de cazadores da provincia da Coruña para a realización de investimentos durante o ano 2024, de conformidade coas bases reguladoras aprobadas por Resolución de Presidencia de data 25 de outubro de 2023

2º. O Programa rexerese polas Bases reguladoras publicadas no BOP número 205 de data 26 de outubro de 2023 (https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/10/26/2023_0000008475.pdf) e pola Ordenanza xeral de subvencións e transferencias publicada no BOP número 150, do 10 de agosto do 2021, https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/08/10/2021_0000006222.pdf

3º.- O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 15 de novembro de 2023, e finalizará ás 14:00 horas do día 15 de decembro de 2023, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

4º.- Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou

recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO

GALEGO

De conformidade co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da Convocatoria do programa de subvencións dirixido ás entidades asociativas agrarias, labregas, gandeiras, forestais e asociacións de cazadores da provincia da Coruña para a realización de investimentos durante o ano 2024. O texto completo do programa pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>)

Primeiro.- Beneficiarios

Entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña que acrediten que os investimentos obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta Provincia.

Segundo.- Obxecto

As axudas económicas obxecto da presente convocatoria destinaranse á realización dos investimentos descritos na base 2 das bases reguladoras específicas

Terceiro.- Bases reguladoras

Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

Cuarto.- Contía

O importe da consignación prevista ascende a un total de 118.000,00€, con cargo á partida 0510/4141/781 do orzamento ordinario para 2024. As axudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 1.000,00€ e un máximo de 24.000,00€.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 15 de novembro de 2023 , e finalizará ás 14:00 horas do día 15 de decembro de 2023

Sexto. -Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de marzo de 2025, ás 14:00 horas.

Sétimo.- Outros datos

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.

CASTELLANO

De conformidade co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da Convocatoria del programa de subvenciones dirigido a las entidades asociativas agrarias, labradoras, ganaderas, forestales y asociaciones de cazadores de la provincia de A Coruña para la realización de inversiones durante el año 2024. O texto completo do programa pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencions (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>)

Primero.- Beneficiarios

Entidades sin ánimo de lucro de la provincia de A Coruña que acrediten que las inversiones objeto de la subvención se realizarán en el ámbito territorial de esta provincia.

Segundo.- Objeto

Las ayudas económicas objeto de la presente convocatoria se destinarán a la realización de las inversiones descritas en la base 2 de las Bases reguladoras específicas

Tercero.- Bases reguladoras

Ordenanza general de subvenciones y transferencias de la Diputación Provincial de A Coruña

Cuarto.- Cuantía

El importe de la consignación prevista asciende a un total de 118.000,00€, con cargo a la partida 0510/4141/781 del presupuesto ordinario para 2024. Las ayudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 1.000,00€ y un máximo de 24.000,00 €.

Quinto.- Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 15 de noviembre de 2023 , y finalizará a las 14:00 horas del día 15 de diciembre de 2023.

Sexto.- Plazo de justificación

El plazo para la justificación de las subvenciones finalizará el 31 de marzo de 2025 a las 14:00 horas.

Séptimo.-Otros datos

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.